

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2024/2

DATA: xoves 25 de xaneiro de 2024

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 23:39 h

PRESIDE 1º Tenente de Alcalde JULIO ALCALDE HERMO

SECRETARÍA accidental VANESSA REBOREDO FRAGA, que redacta esta acta.

ASISTEN

PP
ANTONIO ISORNA VICENTE
RAMÓN VICENTE VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
MARÍA ELENA ABUIN CAROU
JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE
PSdeG-PSOE
OSCAR RIAL LAGO
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO
TAMARA GARCIA MUÑÍZ
Rianxo en Común
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO
JOSÉ ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO
BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

AUSENTES

PSdeG-PSOE
MARÍA ELENA OTERO OTERO
Rianxo en Común
JULIAN BUSTELO ABUIN
BNG
SARELA BETANZOS FREIRE

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN ACTA N.º 21/2023 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 30/11/2023
2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
3. DAR CONTA DE R.A. N.º 1031/2023 DE 03/11/2023 MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN, COMPETENCIAS E PERIODICIDADE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORPORACIÓN 2023-2027
4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: REVERSIÓN DE TERRENOS PORTUARIOS: SETEFOGAS ATA A TOTALIDADE DO PARQUE GALICIA. FACHADA MARÍTIMA
5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: ATENCIÓN XUVENIL
6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE : PLAN ESTRATÉXICO DE MOBILIDADE: URBAN E INTERCOMARCAL
7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: RECLAMAR A COSTAS DO ESTADO A MELLORA DA ZONA DE CANTÍS ENTRE PUNTA FINCHEIRA E TANXIL E ZONA DE TRONCOS
8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: RECLAMAR QUE A AMBULANCIA DO 065 QUE PRESTA O SEU SERVIZO EN RIANXO AMPLÍE A 24 HORAS A SÚA ATENCIÓN
9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITAR UNHA AULA CEMIT EN RIANXO.
10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MELLORA DE TODO TIPO DE SERVIZOS DE MERCADORÍAS E PASAXEIROS NA ESTACIÓN DE CATOIRA
11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: SOLICITUDE Á TESOURERÍA DA SEGURIDADE SOCIAL A ADSCRICIÓN DA CASA DO MAR
12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE. CONTRA A XESTIÓN DA MAREA DE PELLETS PLÁSTICOS
13. ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:

d44d1957d6a820caeccb059d3ee59cfb3a49960f2e8de82ad1eddbaad9191381

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=w9jKY-YwsfM>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTA N.º 21/2023 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 30/11/2023

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 21/2023 de 30/11/2023.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 30/11/2023, Acta nº 21/2023.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a **proposta** nos termos desta.

PARTE DE CONTROL

2 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A Presidencia informa as persoas asistentes da documentación do expediente.

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/10/2023 ata o 31/12/2023, que comprenden os números 903/2023 ao 1263/2023, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 18 da Sesión ordinaria do día 05/10/2023
- Acta nº 19 da Sesión ordinaria do día 19/10/2023
- Acta nº 20 da Sesión extraordinaria do día 09/11/2023
- Acta nº 21 da Sesión extraordinaria do día 23/11/2023
- Acta nº 22 da Sesión ordinaria do día 07/12/2023
- Acta nº 23 da Sesión extraordinaria do día 22/12/2023

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

3 DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 1031/2023 DE DATA 03.11.2023: MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN, COMPETENCIAS E PERIODICIDADE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORPORACIÓN 2023-2027.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía nº 1031/2023, de data 03/11/2023, en materia de Modificación da composición, competencias e periodicidade da Xunta de Goberno Local, que se transcribe a continuación:

Con data 07/07/2023, ditou a Resolución da Alcaldía no 687/2023, correspondente a Composición, competencias e determinouse a composición e competencias delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local e publicouse no BOP nº 136 de 18 de xullo de 2023.

A vista do escrito presentado polo concelleiro municipal Óscar Rial Lago, renunciando o seu nomeamento como membro da Xunta de Goberno Local

Polo exposto, e vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o RD.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o RD.2568/1986 xa mencionado, en tanto non foran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía no exercizo da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986, e tendo en conta así mesmo a necesidade de determinar o réxime de sesión de dito órgano,

RESOLVO:

PRIMEIRO

Revogar a Resolución da Alcaldía nº 687/2023, do día 07 de xullo, pola que se determinaba a composición e competencias da Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO

Modificar a composición dos membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Rianxo e nomear como membros da Xunta de Goberno Local ás/aos seguintes Concelleiras/os:

- ✓ **Julián Bustelo Abuín**
- ✓ **Julio Alcalde Hermo**
- ✓ **Ana Vidal Fungueiriño**
- ✓ **Olalla Figueira Castaño**
- ✓ **José Alberto Angueira Gómez**
- ✓ **José Luís Castiñeiras Lesende**

A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que exercerá a Presidencia, e as/os Concelleiras/os antes mencionados.

TERCEIRO

*Modificar a hora da Xunta de Goberno que se celebrará as súas sesións ordinarias, o **1º e 3º xoves de cada mes, ás 14:00 horas**, nas dependencias do Concello, polo tanto, con periodicidade quincenal, previa convocatoria ao efecto realizada por esta Alcaldía, sendo unha hora despois de non existir quórum suficiente de maioría absoluta na primeira convocatoria (Alcaldía e 3 membros), bastando a presenza de 1/3 dos membros na segunda.*

CUARTO

A presente resolución surtirá efecto dende o día seguinte da súa data, sen perxuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, así como na sede electrónica do Concello, e notificarase os membros da Xunta de Goberno Local aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

QUINTO

Da presente resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como traslado expreso do mesmo aos Departamentos municipais directamente afectados aos efectos oportunos (Intervención, Tesourería, Urbanismo, Emprego), sen perxuízo doutras comunicacións que a tal fin se estimen oportunas.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: REVERSIÓN DE TERRENOS PORTUARIOS: SETEFOGAS ATA A TOTALIDADE DO PARQUE GALICIA. FACHADA MARÍTIMA

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vendo as recentes publicación nos medios por parte da Xunta de Galicia, do responsable de Portos Álvarez Vidal, referidas as cesións dos terrenos portuarios, creemos que é o momento idóneo para solicitar toda a fachada marítima de Rianxo e algunhas das actuación que propoñeremos nos acordos.

A Xunta , solo quere facer a cesión dos terrenos que afecta as dúas ribeiras, deixando “no olvido” os terreos do Parque Galicia.

Rianxo paga unha media de 10.000€ anuais en taxas portuarias, a maioría polas actividades e concertos da Festa da Guadalupe, e todos os permisos e procesos administrativos que implican, non podendo disfrutar dun espazo que é Municipal e de gran utilidade para Rianxo

ACORDOS:

Polo exposto anteriormente, este Grupo Municipal insta ao Goberno de Rianxo en Común que dirixe Xulián Bustelo a :

- Solicitar A Portos a que faga a reversión de terreos dende Sete fogas ó Parque Galicia na súa totalidade
- Solicitar a Costas do Estado e Portos de Galicia a ampliación do estreito da T

- Solicitar a Portos de Galicia a inversión necesaria para a Humanización das dúas Ribeiras
- Solicitar a Costas do estado unha pasarela voladiza dende Sete Fogas , ata o final do paseo da Ribeira.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 23/11/2023 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: ATENCIÓN XUVENIL

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Creemos que sobran os motivos polo cal esta moción debería ser canto menos estudiada.

Parece que dende hai algún tempo, nos olvidamos neste Concello, desta parte da sociedade e refirome ós nosos adolescentes.

Pouco ou ningún ocio teñen na Vila e por suposto nas aldeas tampouco.

Cando nos referimos a ocio, referímonos a ese momentos de sociabilizar, a que se xunten as pandillas nun lugar común donde poder compartir momentos, donde poder organizar algo que lles guste e sexa ó mesmo tempo que lúdico educativo...en fin...trátase de darlles o seu espazo e pensar un pouco nos tempos nos que viven.

A cotío podemos ver pandillas de entre 12 e 16 anos ás voltas por Rianxo, á choiva e ó frío sen alternativas onde eleixir tanto a nivel privado como a nivel municipal.

Dende este grupo municipal, creemos que buscarlle un local á chavalada para que as tardes dos fin de semana, de maneira regulada e vixiada , por suposto, poidan acudir e onde poder organizarlles actividades, que incluso poidan propoñer eles mesmos, non é tan complicado

Acondicionalo con wifi para que se poidan conectar (imprescindible oxe en día), algún elemento

de xogo como poden ser: fútbolín, mesa de billar, diferentes tipos de xogos de mesa... Pensando en fomentar a súa participación na creación deste lugar, inclusive podese animar a que eles mesmos pensen o que queren ter e busquen doazóns externas (sempre hai familias que se desfan de elementos de xogo por desuso ou cansancio) e poidan ser utilizados neste espazo.

Pensando en actividades que se poden facer, como falaba anteriormente, pode ser algo participativo (crear unha canle xove do Concello para que propoñan e voten actividades, charlas, actuacións, teatro...que lles resulte atractivo) e que o Concello poida valorar opcións para tentar levar a cabo.

Debemos coidar ós/as nosos/as xóvenes e que encontren un aliciente para que sexan máis participativos na vida do noso Concello e pensamos que a mellor maneira é escoitalos e escoitalas e darlle o lugar que se merecen.

Outro aspecto a valorar son as opcións de actividade Fisico depotivas dos noso xóvenes, actualmente esta actividade en Rianxo finaliza a súa práctica ás 18.00, xa que non disponemos de:

- Espazos pechados donde poder facelo, salvo nas actividades de clube ou entidades privadas
- Instalacións exteriores en luz.
- Instalacións interiores pechadas e sen posibilidade de reserva.

Necesitamos de forma urxente que os nosos xóvenes dispoñan de espazos apropiados para xogar e o poidan facer en situación de seguridade.

ACORDOS:

Por todo o exposto anteriormente, este Grupo Municipal insta ao Goberno de Rianxo en Común que dirixe Julián Bustelo a :

- Estudiar a viabilidade de habilitar un local nos períodos de fin de semana durante o curso escolar para que a xuventude de entre 12 e 16 anos poida xuntarse.
- Dotar ó espazo de recursos como wifi e elementos de ocio.
- Propoñer unha " Canle Xoven" para que sexa un espazo aberto e participativo donde poidan propoñer actividades.

- Poder darlle continuidade na época de verán
- Habilitar a opción de reserva de instalación deportivas en fin de semana para os xóvenes en particular, e extensible a toda a poboación de Rianxo
- Crear unha programación Xuvenil anual, en coordinación con colexios, Anpas e asociada a programas de Plans directores.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, MAIORES E XUVENTUDE, en sesión do día 23/11/2023 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (1 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 5 dos membros do grupo PP), cero votos en contra e catro abstención (4 dos membros do grupo Rianxo en Común) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

6 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE : PLAN ESTRATÉXICO DE MOBILIDADE: URBAN E INTERCOMARCAL

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O reto do cambio climático impulsou un cambio de paradigma nas políticas europeas. Un dos principais piares de actuación son as políticas de mobilidade sostible centradas na redución do uso do vehículo privado.

Centrándose o debate maiormente na mobilidade urban de grandes urbes, máis Rianxo podemos consideralo como unha zona rural, xa que a súa configuración de parroquias e pequenos núcleos así o distingue.

As políticas de transición enerxética influirán na necesidade de reducir o volume de CO2 emitido á atmosfera "descarbonizando" a actividade económica e logrando a "neutralidade climática". Isto significa plantexar actuacións en diferentes liñas:

Cambio das fontes de produción de enerxía cara ás renovables (ecolóxicas); procurar un uso máis

eficiente da enerxía, evitando consumos “inútiles”; cambiar os modelos de economía “lineal” por outros denominados economía circular que reincorporen como input (materias primas, man de obra, etc.) os residuos da actividade económica, valorándoos; **e desenvolver formas de transporte e mobilidade máis sostibles**

E aquí, neste último punto donde debemos centrar a atención desta moción. O envellecemento, a falta de oportunidades laborais no entorno cercano que se vai agravar pola negativa do Goberno a tomar a decisión de ampliar solo industrial de forma inmediata, ou a pouca conectividade a internet conforman un círculo vicioso que limitan a vida no rural.

O enfoque da mobilidade sostible debe satisfacer as necesidades de transporte social e proporcionar accesibilidade aos servizos básicos para todos os grupos sociais de forma segura; ser accesible, operar de forma eficiente e promover o desenvolvemento económico. Protexer, preservar e mellorar o medio ambiente limitando as emisións e residuos derivados do transporte, minimizando o consumo de recursos e mellorando o medio ambiente existente sempre que sexa posible.

A mobilidade é unha cuestión fundamental para permitir que as persoas accedan a servizos que poidan xerar beneficios substanciais para a súa calidade de vida. Isto é especialmente importante nas zonas rurais onde a variedade e o alcance dos servizos de transporte son xeralmente significativamente menores que nas zonas urbanas e, de feito, están por debaixo do nivel necesario para proporcionar un nivel de servizo o suficientemente alto como para permitir o acceso a eles por persoas sen privado. Coches.

As políticas de transporte e mobilidade dirixidas ao rural son competencia da Xunta de Galicia tal e como reflexa o ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA. Título II: Das Competencias de Galicia Capítulo I: Das competencias en xeral no artigo 27,

E tamén dos Concellos, tal e como recolle a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, máis concretamente, Cap III .- COMPETENCIAS ARTIGO 25 apartado G)

Esta separación de competencias leva a unha fragmentación das estratexias e a unha falta de coordinación das políticas a nivel autonómico e municipais.

Este aspecto queda de manifesto, xa que a disparidade horaria entre buses de competencia autonómica e buses de competencia Municipal.

A esta situación hai que sumarlle o servizo que a Xunta ofrece neste Plan de mobilidade e que é sa de sobra coñecido polos Rianxeiros:

- ✓ Non se respetan os horarios (os buses saen antes de hora, ou ben xa non paran)
- ✓ O estado dos mesmo xenera inseguridade
- ✓ Falta de rigorosidade no plantexamento de horas de funcionamento.

- ✓ Falta de criterio na tratamento de queixas so servizo (atendendo unha demanda plantexada ademais mediante a nosa Deputada Noa Diaz, e que esta Agrupación socialista fai, que é que o mecanismo de queixa sexa máis accesible e visible, para non xerar confusión ós usuarios/as)

Recentemente a Xunta de Galicia habilitou un servizo de autobuses para asistir ás citas hospitalarias, máis a Rianxo este servizo non lle resulta practicamente beneficioso, polo mero feito de que ten parada única en Setefogas (Os usuarios disporán de 3 servizos de ida, con saídas desde a estación de autobuses de Ribeira ás 6.20, 13.20 e 20.20 horas e chegada ao Hospital Clínico ás 7.40, 14.40 e 9.00 horas. :40 p.m., respectivamente; e 3 servizos de ida e volta, con saídas desde a estación intermodal de Santiago ás 8:10, 15:10 e 22:10 horas e con paso polo Hospital Clínico ás 8:20, 15:20 e 22:20 horas. Dende este Grupo Municipal queremos destacar a necesidade).

Queremos centrar esta moción de mobilidade en 3 aspectos:

- ✓ Mobilidade Peonil
- ✓ Mobilidade Intercomarcal
- ✓ Mobilidade Rural

Mobilidade Peonil

Dende esta Agrupación xa levamos traballando nunha proposta de Mobilidade que xa foi mencionada en multitude de ocasións , e non nons centramos só no ámbito do transporte senón que facemos referencia tamén a mobilidade sostíbel peonil, presentando un proxecto por fases e mediante o cal, poderíamos xerar sendas verdes polo noso Concello, mediante a utilización de camiños de pe e camiños de carro e que sirvan de comunicación interparroquial.

Este sendeiro verde sería perfectamente adaptable ó uso de bicicleta.

Así meso debería apostar por unha mobilidade peonil no rural, garantindo a seguridade e facilidade de desprazamentos. Para iso é necesario determinar lugares habituais de pasos, circulacións, puntos de risco, puntos de cruce de uso frecuente etc, e proceder a facer as actuacións necesaria para determinar unha circulación peonil a longo prazo.

Mobilidade Intercomarcal

Creación dunha liña de autobús interurbana: proxecto de mellora da mobilidade entre as nosas parroquias creando liñas circulares que teñan como punto conxunto con outras liñas un punto central da nosa comarca. Queremos poder unificar Rianxo con:

- ✓ Catoira
- ✓ Dodro
- ✓ Padrón
- ✓ Boiro

Que o seu funcionamento sexa igual que un bus interurbano dunha cidade, e que se teña en conta aspectos sociais, económicos, laborais para o seu deseño e posta en funcionamento, así como unha relación de coordinación con outras forma de transporte, caso de tren de Catoira ou Padrón.

Este proxecto debe ir asociado a:

- ✓ Creación dun sistema de buses lanzaderas: sería a conexión deste plan de mobilidade intercomarcal, co sistema de buses de liña máis coñecida Ribeira – Santiago ou Ribeira Vilagarcía (estos autobuses solo farían a ruta lineal establecida cunha parada en cada Concello, e o método de conexión sería este sistema de lanzaderas)
- ✓ **Creación de aparcamento disuasorio (proposta feita xa polo BNG, aínda que diferimos do formato e dos procesos plantexados), coa creación de sendeiros verdes ata a parada de Té como punto central, xenerando unha parada que dote de seguridade ós peóns, ós autobuses e mellore a circulación nese punto, evitando saídas non controladas.**
- ✓ **Paneis informativos sobre horas de chegada estimadas, información accesible sobre horarios, incidencias, etc**
- ✓ **Sistema de pre reserva para evitar que os veciños e veciñas de Rianxo ó ser os últimos/as en subir quen sen poder viaxar como está pasando, e a Xunta obvia este problema.**
- ✓ **GPS integrado en autobuses para poder ter información a tempo real**

Mobilidade Rural

Creación dunha liña de autobús rural, coordinada cos servizos que dispoñemos en Rianxo de interese para os veciños e veciñas, mediante Servizo por demanda anual (e dicir marcar rutas en función de demanda existente, revisable e coordinado cos servizos autonómicos – sistema de lanzaderas para conectar cos autobuses da mobilidade intercomarcal), xa que para situacións puntuais sería de interese dispoñer de Servizo de Taxis): proxecto de mellora da mobilidade entre

as nosas parroquias creando liñas circulares que teñan como punto conxunto con outras liñas un punto central da nosa comarca. Queremos poder unificar Rianxo con:

Este proxecto debe ir asociado a:

- ✓ **Mellora de marquesinas**
- ✓ **Mellora do firme**
- ✓ **Buses accesibles de capacidade reducida para poder ir polas pistas.**
- ✓ **Establecer sistema de reserva**
- ✓ **Ofrecer sistema de bonos mensuais.**

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Rianxo presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal e instar o Goberno de Xulián Bustelo a conseguir avanzar nos seguintes **ACORDOS**:

1. Realizar un estudo sobre este plan de mobilidade do rural: tipoloxía, rutas necesarias, tipo de autobuses, modelo de licitación, etc
2. Realizar un proxecto de sendeiros verdes tal e como recolle a imaxe adxunta, por fases según prioridade de uso.
3. Deseñar rutas de autobuses acorde ás necesidades dos veciños e veciñas de Rianxo e das súas parroquias
4. Trasladar á Mancomunidade Arousa Norte e o resto de Concellos implicados (Catoira- Dodro- Padrón) este proxecto, e que sexa invitado á presentación ós grupos que conformar o Pleno Municipal de de Rianxo, e que o PSdG Rianxo como promotor deste proxecto poida participar na súa exposición.

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo sobre un plan de mobilidade Comarcal no Barbanza con especial atención a parada de Rianxo, e coordinar este sistema intercomarcal cos buses de liña directa: sistema de lanzaderas.
2. Implementar nos autobuses sistemas de GPS, vinculadas a unha APP de reserva para que os usuarios/as poidan organizar as súas viaxes.
3. Mellorar os sistema de marquesinas das paradas nas que teña servizo os autobuses autonómicos, e establecer paneis informativos a tempo real sobre os tempos de chegada.
4. Permitir reservas mediante APP, con bonos mensuais , trimestrais, con bonificación para

os usuarios/as estudantes ou que por motivos laborais se deban desprazar neste servizo.

5. Elaborar unha campaña de grande alcance dirixida á información deste servizo.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/01/2024.na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 4 votos a favor (4 dos membros do grupo PSOE), cinco votos en contra (dos 4 membros do grupo Rianxo en Común e 1 voto do membro do grupo BNG) e cinco abstencións (5 dos membros do grupo PP) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **NON APROBADA**

7 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: RECLAMAR A COSTAS DO ESTADO A MELLORA DA ZONA DE CANTÍS ENTRE PUNTA FINCHEIRA E TANXIL E ZONA DE TRONCOS

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo Municipal do BNG do Concello de Rianxo somete á toma en consideración plenaria a seguinte

MOCIÓN para reclamar a Costas do Estado a mellora da zona de cantís entre Punta Fincheira e Tanxil e zona de Tronco

Estamos a ver ano tras ano que continúa a degradación da zona de cantís entre Punta Fincheira e Tanxil sen que a administración estatal realice obras de calado que eviten esta continua perda de terreo pola erosión de chuvias nuns casos e a acción do mar noutros.

Un lugar emblemático ao pé do Chalet dos Baltar, cun complexo urbanístico pioneiro no uso do formigón por parte de Eduardo Rodríguez Losada Rebellón, arquitecto galego de renome que integrou ademais da vivenda un peirao, varias construcións adicionais e, sobre todo, esa imaxe non retornada da Virxe de Guadalupe de Asorey. Lugar por tanto de importancia tamén patrimonial e non só natural en perigo de derrubamento constante.

Está a aumentar a inseguridade do tránsito peonil e a perda dun espazo próximo e integrado no

casco urbano que ao longo destes anos se tentou infrutuosamente dotar dun orzamento para a súa mellora. No seu día acadouse vía negociacións por parte do BNG no Congreso para que Costas dispuxera de 700.000 euros para acometela. Inexplicabelmente rexeitáronse na localidade e nunca se chegaron a investir na zona. Seguen a ser constante obxecto de alegacións aos orzamentos do Estado pois máis que nunca segue vixente esta demanda e debe materializarse.

Desde entón apenas algún pequeno parche esperanzador mais moi insuficiente na dirección de evitar a degradación que se apodera dese territorio sinalado. Unha situación que se prolonga en Tronco con peche dun camiño costeiro pola perigosidade, primeiro pechado o acceso en vehículo e logo tamén comprometendo o paso a pé.

Por iso hai uns meses ollamos con preocupación que Costas realizaba unha tala de arborado en Tanxil que puidera ser a antesala de novas caídas de terras e derrubes perigosos sobre o paseo e sobre a praia, acelerando a degradación. Como queira desexamos se recupere para a veciñanza este espazo, recuperemos a seguridade integral da zona e que permita un retorno futuro da Virxe de Asorey sometemos a aprobación por parte do pleno de Rianxo os seguintes

ACORDOS

1. Instar a Costas do Estado a realizar un proxecto integral de recuperación da zona de Tanxil e Tronco, dotado dos recursos e actuacións necesarias para evitar a degradación.
2. Facer un seguimento mentres isto non se produce, do estado da costa en especial do onde se produciu a perda de masa arbórea.
3. Solicitar unha entrevista por parte da Alcaldía para xestionar estas actuacións cos novos responsábeis de Costas do Estado en Galiza.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/01/2024 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

8 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: RECLAMAR QUE A AMBULANCIA DO 065 QUE PRESTA O SEU SERVIZO EN RIANXO AMPLÍE A 24 HORAS A SÚA ATENCIÓN

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sarela Betanzos Freire, en nome do grupo Municipal do BNG do Concello de Rianxo somete á toma en consideración plenaria a seguinte

MOCIÓN para reclamar a que a ambulancia do 065 que presta o seu servizo en Rianxo amplie a 24 horas a súa atención.

A Xunta ven de licitar un novo contrato para dar o servizo de transporte sanitario urxente terrestre do 061 por dous anos, prorrogable a un máis.

O valor estimado deses tres anos de prestacións rozara os 178 millóns de euros para un mínimo de 127 ambulancias de diferentes tipos e prestacións, repartidas polo país en bases asentadas en 93 municipios diferentes entre os que se encontra Rianxo. Forma a nosa parte das 107 ambulancias de soporte vital básico (SVB) e das que unha maioría estarán activos as 24 horas.

Sorpresivamente, pois dábase por conseguido, a de Rianxo non vai emprestar servizo as 24 horas. Cando por número de servizos nocturnos así o xustificaba e daríase unha mellor atención de toda a comarca en xeral, mesmo a outras zonas das limítrofes. Sería oportuno e prudente chegar ás 24 horas de atención, diminuindo os tempos de espera nocturnos.

E por isto, e agardando se poida mellorar nesta fase de licitación a proposta empresarial, queremos demandar como Corporación Municipal o seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galicia a que se amplíe a cobertura do 061 con base en Rianxo a 24 horas no vindeiro concurso.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, MAIORES E XUVENTUDE, en sesión do día 18/01/2024 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

9 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: SOLICITAR UNHA AULA CEMIT EN RIANXO.

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo Municipal do BNG do Concello de Rianxo somete á toma en consideración plenaria a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante varios anos o Concello de Rianxo tense dirixido á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) para que o noso Concello contase cunha aula que reforzase e ampliase a capacidade formativa en materia dixital da nosa veciñanza. Ademais dos recursos que se teñen posto en marcha en Rianxo, en especial a actividade despregada polo servizo de informática coa súa Aula, entendemos esta actuación pode ser complementada polos recursos que a Xunta de Galiza dispón.

Neste censo e agrupados baixo o nome de Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT) é unha iniciativa posta en marcha pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta da Galicia e actualmente forma parte da Estratexia Galicia Dixital 2030.

Desde 2016, a Rede CeMIT tamén formou parte do Plan de Inclusión Dixital de Galicia coma un dos proxectos clave que asentaron as bases para definir a nova estratexia de inclusión dixital da comunidade e que tivo como obxectivo situar a Galicia como referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribuíra a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

Actualmente a Rede CeMIT forma parte do novo Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia, Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, que fusiona os anteriores Plan de Inclusión Dixital 2020 e Plan DigiTalent 2020 nun único instrumento estratéxico que toma o seu relevo para enfocarse no horizonte 2030 coa misión de conseguir unha sociedade máis autónoma dixitalmente que non deixe a ninguén atrás. É o desexo que nós temos: dar competencias dixitais a toda a veciñanza sen exclusións, por iso entendemos que debemos poñer todos os recursos das diferentes administracións na procura deste obxectivo.

Neste intre a Rede conta coa colaboración de 90 concellos e está integrada por 96 aulas equipadas coa última tecnoloxía, Internet e sistemas de videoconferencia, algún deles xa dispoñíbel na aula existente mais cremos pode ser obxecto de reforzo para chegar a todos os colectivos e con formación diversa.

Por todo isto propomos ao Pleno do Concello de Rianxo os seguintes ACORDOS:

1. Dirixirse á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) para que o Concello

de Rianxo se sume á rede CEMIT cunha instalación municipal.

2. Dispoñer dos recursos existentes ao servizo do futuro CEMIT de Rianxo complementados polos que a participación en dita rede nos ofrezca.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, MAIORES E XUVENTUDE, en sesión do día 18/01/2024 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

1. Dirixirse á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) para que o Concello de Rianxo se adhira á rede CEMIT cunha instalación municipal.

10 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: MELLORA DE TODO TIPO DE SERVIZOS DE MERCADORÍAS E PASAXEIROS NA ESTACIÓN DE CATOIRA.

Dáse conta da proposta presentada:

O grupo Municipal do BNG do Concello de Rianxo somete á toma en consideración plenaria a seguinte

MOCIÓN para a mellora de todo tipo de servizos de mercadorías e pasaxeiros na Estación de Catoira.

A día de hoxe é unha realidade o feito de que está a aumentar, pola introdución de novos incentivos, o uso do transporte ferroviario. En concreto, múltiples pasaxeiros procedentes de poboacións do Barbanza estano a empregar para se desprazar a diferentes localidades galegas para estudos, traballo ou outras motivacións.

Entre outras, e por cercanía, é a estación de Catoira a que está a recibir boa parte deste fluxo, unha estación que ten potencial para ir máis alá da mobilidade entre poboacións de proximidade. Ademais, entendemos que tamén pode optimizar a intermodalidade que permitiría a

combinación entre si de distintos medios de transporte, para garantir así o dereito das persoas a desprazarse polo territorio e mellorar a súa calidade de vida.

No ámbito da provincia de Pontevedra e da Coruña resulta imprescindible que os municipios se conecten entre si a través do transporte ferroviario, pero é esencial tamén que alcancen as conexións de Alta Velocidade, para así aproveitar esta conectividade a través da intermodalidade efectiva, e estenderse cara ao veciño Portugal e o resto do Estado.

As áreas do Norte de Portugal, Pontevedra e Coruña dispoñen dunha capilaridade na rede de transporte ferroviario de proximidade que, optimizando a súa xestión, crearía sobre a súa actual infraestrutura unha rede de proximidade (Cercanías) sen necesidade de partidas económicas significativas. A infraestrutura convencional xa existe, basta con optimizar a súa xestión e a súa interoperabilidade.

Ademais da Alta Velocidade, proxecto en curso no que coinciden todas as administracións, requírense trens que ofrezan tarifas económicas, frecuencias adaptadas á mobilidade da poboación de proximidade, seguros, ademais de sostibles, para cumprir coa protección do medio ambiente. Trens de Cercanías que favorezan a mobilidade das persoas que diariamente acuden aos seus centros de traballo e retornan ao fin da xornada aos seus fogares, mais tamén favorecendo o intercambio de servizos, cultura e economía entre os Municipios e Cámaras Municipais dun e outro lado da fronteira e das comunidades autónomas.

No noso ámbito territorial, cremos na idea de garantir a mobilidade de proximidade tamén a través do medio ferroviario, como transporte colectivo indispensable para o desenvolvemento da economía e a sociedade, e tamén para responder ás necesidades de mobilidade centradas nas persoas.

Por todo isto propomos ao Pleno do Concello de Rianxo os seguintes ACORDOS:

1. Reclamar do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que os servizos rexionais recentemente implantados teñan paracadomercial na estación de Catoira para responder á mobilidade da comarca da Barbanza. Igualmente a estación de Catoira debe contar coas esixencias de accesibilidade e confort esperables hoxe en día.
2. Instar ao Goberno Central e Autonómico a reservar partidas orzamentarias para concorrer a proxectos europeos de mobilidade sostible que permitan financiar total ou parcialmente unha rede de Cercanías Estatal e Internacional entre o sur e o norte da provincia da Coruña, Pontevedra e o Norte de Portugal, para dar solucións á veciñanza dos municipios dun e outro lado da fronteira, mellorando a súa calidade de vida e a súa mobilidade.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/01/2024.na

que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación,

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

11 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: SOLICITUDE Á TESOUSERÍA DA SEGURIDADE SOCIAL A ADSCRICIÓN DA CASA DO MAR

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo , de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte PROPOSTA.

Título DA PROPOSTA: Solicitud á Tesourería Xeral da Seguridade Social a adscripción da “Casa do Mar”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cabe nesta exposición PREVIA de motivos expoñer os antecedentes a esta solicitude para darlle continuidade ós trámites iniciados en 2009 e que culminaron coa firma dun primeiro acordo de cesión de uso en agosto de 2012.

O edificio , para quen non o coñeza consta de:

- Planta sótano .- actualmente “almacén de obras”.- callas, sinais etc
- 1º Planta .- Inutilizada salvo a cesión de almacéns a 2 clubs de Rianxo: CB Rianxo e CV Rianxo.
- 2º Planta .- inutilizada
- 3ª Planta .- Inutilizada a ala Norte xa que xa non se imparten cursos en Rianxo, quedando en uso solo a oficina que o ISM ten en Rianxo.

Actualmente a casa do Mar ten o mesmo nivel de actividade que en 2012, coas excepcións antes mencionadas de utilización de Clubs e Servizo de Obras.

En dito acordo de 2012, constaba que o Concello de Rianxo debía instalar un ascensor, e facer uso dese espazo antes do cumprimento do ano de cesión, do contrario o inmovible volvería a

Tesourería Xeral da seguridade Social. En dito período o Concello non actuou no inmovible co fin requirido.

Esta 1ª cesión é por un prazo de 5 anos, incluído no acordo a cesión dos espazos: sótano, planta Baixa e 1a planta., cunha superficie total de 1084.48 m2.

Como contrapartida o Concello de Rianxo debe asumir os custes de mantemento e repercutirle a parte proporcional de uso á dita administración, así como colocar un ascensor

En 2018 fírmase unha prórroga de cesión por 10 anos, e donde se lle recorda ó Concello de Rianxo que deben instalar un ascensor, nas condición que marcaba o acordo inicial.

En ambos acordos expresábase que debe ser o Concello quen fixera os traballos de mantemento e conservación, que entendemos que dende 2012 non foron feitos coa intensidade que se require, xa que o inmovible a día de hoxe segue estando igual e mesmo problema de base: a súa cuberta e a súa estrutura.

En 2019, iníciase un taller de emprego para xerar 7 locais de ensaio cunha inversión aproximada de 300 mil euros.

Este edificio é de especial interés para Rianxo por 3 motivos esenciais, pola ubicación céntrica, pola remodelación da contorna que levaría asociada e porque permitiría mellorar o traballo asociativo que a día de hoxe hai en Rianxo e darlle un impulso ó funcionamento e organización da Escola de Música de Rianxo.

Trátase dun espazo privilexiado e que leva 12 anos inutilizado, ou cun uso non adecuado, como son as oficinas dos clubs antes mencionados de voleibol e baloncesto.

Dende o PSDG de Rianxo xa puxemos de manifesto a necesidade de acondicionar este espazo, mediante búsqueda de financiamento en outras administración, ou ben mediante inversión con recursos propios e programados, coa finalidade de liberar de carga asociativa ó Pazo de Rianxiño e poder iniciar nese espazo outro proxecto de interese económico e social para os veciños e veciñas.

Dende o PSDG de Rianxo xa puxemos de manifesto a necesidade de acondicionar este espazo, mediante búsqueda de financiamento en outras administración, ou ben mediante inversión con recursos propios e programados, coa finalidade de liberar de carga asociativa ó Pazo de Rianxiño e poder iniciar nese espazo outro proxecto de interese económico e social para os veciños e veciñas.

A casa do Mar, máis ala de facer valoración pasadas sobre o acerto ou desacerto das inversión, na dirección das mesmas, de destinar a inversión integra á 1a planta que é donde chovía, debe ser restaurada de forma urxente para darlle solución as citadas asociación e permitir que Rianxo poida medrar nun dos aspectos que destaca na comarca , como é a súa riqueza musical. Dispoñendo de grandes grupos, asociacións culturais e baile e cunha Escola de Música

envidiable.

Por todo isto creemos que debemos establecer acordos coa Tesourería que nos permitan a xestión integral do Edificio, marcando unha liña de actuación sobre a ubicación da oficina do ISM que actualmente opera en Rianxo.

Creemos que o modelo de cesión non é o adecuado, dado que para facer determinadas inversión é necesario ser titular do inmovible, e tras conversas coa Dirección do ISM de Vilagarcía e Persoal da Tesourería, o modelo que se axusta a posibles inversión futuras é este que porpoñemos de adscrición. A día de hoxe o Concello asume todos os Custos do inmovible agás o derivados da oficina do ISM, co cal a nivel económico este cambio non suporía un problema para as arcas municipais.

Mentras non se avance neste acordo, sería de interés, por operatividade, e por imaxe de Concello, e tamén por responsabilidade que o Clube Baloncesto Rianxo e o Clube Voleibol de Rianxo tivesen un espazo adecuado e permanente para desenvolver a súa labor de clube.

ACORDOS:

Polo exposto anteriormente, a

Polo exposto anteriormente, ante a relevancia deste edificio emblemático para Rianxo, trasladamos o pleno os seguintes acordos:

- Instar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a cambiar o modelo de cesión pola adscrición do inmovible "Casa do Mar"
- Instar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a actualización do informe técnico e a realización dun informe valorado sobre as actuación a desenvolver a nivel estrutural.
- instar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a acometer as obras de mellora das deficiencias derivadas do informe técnico e que sexan responsabilidade do Titular do inmovible e non do cesionario, tal e como recollen os acordos vixentes.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, MAIORES E XUVENTUDE, en sesión do día 18/01/2024 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (1 do membro do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 5 dos

membros do grupo PP), cero votos en contra e catro abstencións (4 dos membros do grupo Rianxo en Común) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

12 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE. CONTRA A XESTIÓN DA MAREA DE PELLETS; PLÁSTICOS

Dáse conta da proposta presentada:

Oscar Rial Lago voceiro/a do Grupo Municipal Socialista no Concello de Rianxo de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN sobre a xestión da marea de “pellets” plásticos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 8 de decembro, o cargueiro “Toconao”, con pavillón liberiano, armadora radicada en Bermudas e empresa propietaria con domicilio fiscal en Chipre, perdía fronte ás costas portuguesas varios colectores, entre os que se atopaba un que contiña máis de 26 toneladas de “pellets” plásticos repartidos en sacos de 25kg.

O 13 de decembro, o 112 recibe a chamada dun veciño de Corrubedo alertando da presenza de decenas de sacos de microplásticos na praia ribeirense de Balieiros, pese ao cal dende a Xunta de Galicia non se toma ningunha medida ata case un mes máis tarde, cando a presión social e mediática impide tapar durante máis tempo o acontecido.

O 20 de decembro ás 18:30 horas, Salvamento Marítimo de Fisterra comunica ao servizo de gardacostas, dependente da Xunta de Galicia, que a chegada de “pellets” ás costas galegas débese a perda do colector do Toconao. Pero non é ata o 4 de xaneiro, 15 días despois, cando a Xunta se dirixe a algúns Concellos a través dunha carta asinada polo Conselleiro do Mar, para lembrarlles que son eles, os Concellos, os que teñen as competencias na limpeza dos areais, e polo tanto desentendéndose desa labor e o que é máis importante, da súa obriga de colaborar aportando medios, recursos, información e orientación a aqueles que estaban a asumir en exclusiva a limpeza dos restos do vertido que chegaban ás nosas costas.

O 6 de xaneiro a Xunta activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (CAMGAL), sorprendentemente no seu nivel 1, o que impedía a intervención dos medios do Estado, segundo o establecido no protocolo aprobado polo Goberno Central durante a etapa de goberno do PP, que obriga a activar o nivel 2 para que o Goberno do Estado poida actuar.

Non é ata o día 9 de xaneiro cando Asturias, comunidade afectada por este vertido con posterioridade a Galicia, decreta o nivel 2, momento no que a Xunta decide seguir os seus pasos e proceder a activar ese nivel de alerta que permite actuar ao Estado, iso si, negándose a

concretar que medios precisa para tal fin, chegando a declarar o propio Alfonso Rueda días antes “el que quiera ayudar, que ayude”, ou a Conselleira de Medioambiente, Ánxeles Vázquez, “el Gobierno Central tiene que saber lo que ellos necesitan”; para un día despois acabar pedindo un avión, dous helicópteros, 11 barcos e un submarino.

Así mesmo, compre ter en conta as contradicións dos distintos responsables da Xunta, e cargos do PP, en relación coas características, composición e sobre todo posible toxicidade ou non do material que chega ás nosas costas, sen ter a estas alturas a constatación de si pode ser ou non prexudicial.

Todo un despropósito, que pon negro sobre branco a nefasta xestión da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda dunha nova catástrofe nas costas galegas. Unha xestión que seguiu ao pé da letra o manual do Prestige, minimizando as consecuencias do vertido e actuando tarde, mal e arrastrado pola presión social, mentindo e ocultando información e responsabilizando aos demais daquilo que é da súa competencia.

Por todo exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Rianxo, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Esixir da Xunta de Galicia:

1º.- A creación dun comité de crise no que participarán, ademais das autoridades autonómicas - que coordinarán as accións- e o goberno central, a FEGAMP e todos os alcaldes/as dos municipios afectados, dende o inicio da crise con independencia do nivel que sexa preciso activar, co fin de que poidan participar directamente na resolución do problema.

2º.- A posta a disposición dos Concellos afectados de todos os medios técnicos, económicos e humanos para facer fronte aos traballos de limpeza e retirada dos “pellets”.

3º.- A realización en colaboración con Universidades e laboratorios de contrastada experiencia de todos os estudos necesarios para aclarar a composición do material vertido, así coma as posibles afeccións que este poida ter no medio, fauna e flora que serán publicados inmediatamente co fin de garantir a máxima transparencia.

4º.- A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.

5º.- Se centralice e realice, en representación de todos os concellos e sectores afectados, as xestións necesarias para a reclamación dos custes nos que incorreron e están a incorrer os mesmos, así coma das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta

situación.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 18/01/2024.na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (1 do membro do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e cinco abstención (5 dos membros do grupo PP) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: DEMANDAR A QUE A XUNTA DE GALIZA ACCIÓNS PARA PALIAR AS CONSECUENCIAS DA MAREA PLÁSTICA NAS COSTAS GALEGAS

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: DEMANDAR A QUE A XUNTA DE GALIZA ACCIÓNS PARA PALIAR AS CONSECUENCIAS DA MAREA PLÁSTICA NAS COSTAS GALEGAS, sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Xusto Ordóñez Figueira, voceiro do Grupo Municipal do BNG do Concello de Rianxo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Máis unha vez o litoral galego sofre unha catástrofe ambiental e máis unha vez a Xunta de Galiza afrontou esta crise con ocultación, con mentiras, cunha flagrante negligencia e deixando sós aos concellos.

O 8 de decembro, segundo os Gobernos español e portugués, o barco "Toconao" perdía en alta mar varios colectores. Un deles levaba 1.050 sacos, de 26,25 quilos cada un de pellets plásticos. O

13 de decembro a Xunta de Galiza xa é sabedora deste vertido no medio mariño, máis non será ata practicamente un mes máis tarde, a causa da presión social e mediática, cando comece a tomar as primeiras medidas.

É o 4 de xaneiro, cando se dirixe por primeira vez a algúns concellos costeiros, mediante unha carta do conselleiro do Mar, mais non para ofrecerlle colaboración ou os medios humanos e técnicos necesarios, senón unicamente para lembrarlles as “competencias que ten a administración local na limpeza dos areais”, precisamente despois de que fore esa a única administración que, con recursos propios, estaba atendendo a limpeza das praias desde o primeiro momento.

Aínda que a marea plástica seguía a estenderse, o 6 de xaneiro o Goberno galego

activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (Plan Camgal) no seu nivel mínimo, que se mantén ata o día 9 cando se decreta o nivel 2 que permite que poidan intervir medios estatais.

A día de hoxe a Xunta continúa sen dispoñer de persoal suficiente nas praias, só 200 efectivos, sen facilitar equipos ou material de protección para as miles persoas voluntarias que están efectuando a limpeza e que tampouco e quen de coordinar.

É evidente que o Goberno galego fixo deixación de funcións, abandonou os concellos á súa sorte, desentendeuse da coordinación do voluntariado, mesmo naquelas zonas medioambientalmente máis sensíbeis, e non está a prever as consecuencias que a marea plástica pode ter no sector pesqueiro e marisqueiro galego.

Por outra banda, vén de afirmar que, segundo os informes contratados a unha empresa privada, os plásticos non son “tóxicos nin perigosos”, valoración que non comparte nin a UE nin a Fiscalía de Medio Ambiente do Estado que xa abriu unha investigación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello de _____ propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

Esixir á Xunta de Galiza que:

1. Faga efectiva a súa colaboración cos concellos poñendo á súa disposición de inmediato todos os medios técnicos, materiais e humanos suficientes para facer fronte á crise ambiental que están a vivir.
2. Aumente o persoal de limpeza das praias ao seu cargo, de xeito que ningún areal afectado quede sen atender.
3. Centralice e se faga cargo de todas as xestións de reclamación de danos e resarcimento de gastos aos concellos por parte da aseguradora do buque que provocou o accidente.

4. Despregue todos os buques e helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza para intensificar a vixilancia e actuar de inmediato.

5. Leve a cabo os estudos necesarios nos centros de investigación propios e en colaboración coas universidades galegas para determinar a composición e efectos dos plásticos, tanto na flora e fauna costeira como nas persoas.

6. Atenda a afectación que a marea plástica puidese ter na actividade pesqueira e marisqueira das nosas rías e, como consecuencia, nos traballadores e traballadoras do mar.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (1 do membro do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e cinco abstencións (5 dos membros do grupo PP) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE RIANXO CON MOTIVO DA FALTA DE MÉDICOS DE FAMILIA

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE RIANXO CON MOTIVO DA FALTA DE MÉDICOS DE FAMILIA**, sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal do Partido Popular de RIANXO conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción.

ANTECEDENTES

A situación que está a atravesar a atención primaria está a ser difícil en toda España por un problema estatal de déficit de especialistas en medicina de familia dispoñibles para contratar que fai case imposible conseguir cubrir as prazas nos casos de xubilacións, baixas ou ausencias.

Coñecemos dende fai anos que esta difícil situación ía a chegar, por iso xa en abril do 2018, as

comunidades autónomas xunto co goberno do Estado aprobaron, por unanimidade, nun Consello Interterritorial unha serie de medidas prioritarias para corrixir as carencias que se estaban orixinando.

Sen embargo, aquelas medidas pactadas en abril quedaron sen efecto coa chegada ó goberno do PSOE en xuño de 2018, postergando o pactado no Consello Interterritorial e empeorando a situación da atención primaria cada ano que pasaba.

Foron 4 anos de inacción ata que en 2022 o Ministerio presentou ó Consello Interterritorial un informe coordinado pola catedrática Beatriz González López-Valcárcel titulado “Informe Oferta-Necesidad de Especialistas Médicos 2021-2035”, no cal se marcaba o 2027 como punto de inflexión onde se producirían situacións críticas non Sistema Nacional de Saúde (SNS).

O devandito informe sinala a especialidade de medicina familiar e comunitaria como “a especialidade con peores prognósticos de déficit”. Identificando como as causas máis determinantes neste problema, a fuxida dos residentes desta especialidade a urxencias e o escaso incremento das prazas MIR debido á rixidez do procedemento de acreditación de prazas formativas. Ademais do aquí sinalado tamén se recomenda adoptar incentivos para prazas de difícil cobertura que poderían quedar vacantes incluso nun escenario con máis especialidades polo seu pouco atractivo profesional.

Neste tempo nada se fixo por parte do Goberno Central máis que deixar correr o reloxo, todas as medidas que se levaron a cabo foron no ámbito competencial das comunidades autónomas, sendo quen de asumir as súas responsabilidades en materia sanitaria sen o apoio do goberno.

Exemplo disto foi o aumento constante de prazas MIR que se deu en distintas comunidades, como Galicia, que leva anos cubrindo o 100% das prazas acreditadas e solicitando a acreditación de máis ata chegar ás 207 ofertadas na última convocatoria.

De feito, nos últimos 15 anos Galicia duplicou a súa oferta de prazas desta especialidade (desde as 88 de 2009 ata as 207) fronte a un incremento en toda España dun 30% (de 1.904 en 2009 a 2.492 este ano).

Pero o sistema non dá máis de si. A rixidez dos criterios para crear novas prazas obrigou ao goberno galego a crear máis prazas de residentes nos poucos centros que xa podían formalos (arredor de 100 dos máis de 400 que ten Galicia) en lugar de incorporar residentes a outros centros aos que non se permite formar por criterios tan arbitrarios como ter 4 médicos en lugar de 3.

Ata tal punto chegou a situación, que País Vasco e Galicia tomaron a iniciativa e elaboraron un manifesto onde reclaman ó Goberno de España unha serie de medidas urxentes para solucionar a situación na que se atopa a atención primaria. A este manifesto uníronse máis comunidades autónomas, como Cataluña, Castela e León, Andalucía ou Madrid, entre outras. Comunidades gobernadas, por partidos de distinto signo pero que son conscientes de que o verdadeiro

problema que afronta a atención primaria non entende de cores políticas.

O contido deste manifesto foi trasladado ao Congreso dos Deputados como resolución durante o Debate do Estado da Nación celebrado en xullo de 2022. Esa resolución obtivo o respaldo maioritario do Congreso, logrando o apoio dunha decena de partidos políticos tamén de diferente signo.

Porén, nos Consellos Interterritoriais posteriores a esta votación non se ten expresado por parte do Goberno de España intención de dar cumprimento a este acordo.

De feito, pechouse unha nova convocatoria MIR sen cambios no modelo de asignación de prazas e sen a flexibilización previa de acreditación das unidades docentes, polo que a ampliación de prazas concedida resultou insuficiente. Galicia defendeu que a orde contemplase unha posible ampliación posterior das prazas no caso de que esa mudanza dos requisitos se consumase e se puideran acreditar máis prazas, pero non consta que o Goberno aceptase tampouco esa petición.

Así, na convocatoria MIR para 2024 hai preto de 14.000 admitidos polo Ministerio para una convocatoria de 8.772 prazas de médico residente. Máis de 5.000 médicos titulados quedarán sen formación especializada.

A falta de reformas estruturais no sistema por parte do Goberno segue a causar que, cada ano, milleiros de graduados non podan optar a unha praza de formación sanitaria especializada cando o Sistema Nacional de Saúde lles necesita con urxencia.

As medidas do manifesto elevado por Galicia e País Vasco en 2022 seguen de máxima vixencia e por iso están recollendo cada vez máis adhesións, sendo as máis recentes os dos gobernos autonómicos de Comunidade Valenciana, Aragón, Baleares ou Extremadura.

Por outra banda, a escaseza xeneralizada de persoal está a ter tamén un impacto directo na sanidade xestionada polo Goberno central: a dos centros penitenciarios. Nunha recente resposta parlamentaria, o Goberno de España recoñecía que ten vacantes o 70% das prazas médicas

nos cárceres de Galicia. E a única resposta que está a dar o Goberno de Sánchez a esta situación está a ser a contratación de servizos privados de asistencia sanitaria para os reclusos, nun claro caso de desmantelamento e privatización dun servizo sanitario público.

Por todos estes motivos e polo prexudicial que pode chegar a ser esta inacción para os profesionais sanitarios e a poboación, os concelleiros do Grupo Popular, presentamos a seguinte proposición ó Pleno de Rianxo:

1. Acordar o seu apoio ás medidas incluídas no “Manifesto de conselleiros de sanidade para a toma de medidas estatais urxentes en materia de atención primaria” amparado pola maioría dos gobernos autonómicos e pola maioría do Congreso dos Deputados e que inclúe reformas que

permitirían incrementar en 1.000 as prazas formativas anuais de medicina de familia en toda España nos vindeiros anos para afrontar o relevo xeracional na atención primaria.

2. Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o cumprimento do mandato parlamentario que lle insta a adoptar estas medidas, trala aprobación dunha resolución no Congreso dos Deputados nese sentido.

3. Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que reverta a privatización dos servizos sanitarios dos centros penitenciarios galegos, volvendo a prestar esta atención desde o sistema público con persoal sanitario propio de Institucións Penitenciarias.

Acorda dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Sanidade do Goberno de España"

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 5 votos a favor (5 dos membros do grupo PP) nove votos en contra (4 dos membros do grupo PSOE, 4 dos membros do grupo Rianxo en común e 1 do membro do grupo BNG) e cero abstencións dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **NON APROBADA**.

MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA.

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a **MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA.**, sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Exposición de Motivos

A Sanidade Pública Galega está en coma na última fase do seu desmantelamento: Centros de Saúde e PACs inaccesíbeis; consultas telefónicas en lugar de presenciais; centros masificados, sen pediatras nin persoal suficiente, con esperas de semanas; servizos de urxencias hospitalarios colapsados; listas de agarda hospitalarias manipuladas que ocultan mais da metade dos pacientes; servizos de Saúde Pública sen recursos para afrontar as epidemias; persoas maiores abandonados nas residencias e na dependencia; e un persoal sanitario insuficiente que soporta unhas condicións laborais precarias e indignas.

É necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar esta situación aberrante e inaceptábel, e que culmine as manifestacións convocadas nos últimos meses en decenas de

pobos e cidades de toda Galicia como protesta polo abandono asistencial e a falta de recursos que pon en risco permanente a saúde da poboación.

SOS Sanidade Pública, e as súas 55 organizacións que abranguen propoñen 13 medidas urxentes para afrontar esta situación crítica e desoladora. E chama a toda a cidadanía galega a encher a Praza do Obradoiro de Compostela o vindeiro domingo 4 de febreiro cunha única voz en defensa da sanidade pública que queremos e que merecemos.

Por este motivo o grupo municipal do BNG en nome da PLATAFORMA POLA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA propón ao Pleno Municipal do Concello os seguintes

ACORDOS

1. O apoio á Manifestación convocada por la Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro en defensa de 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega que son os seguintes:
 1. Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS),
 2. Incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais
 3. Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.
 4. Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas
 5. Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.
 6. Garantir que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia
 7. Reintegrar ao Sistema Público dos servizos privatizados e Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público e ampliar o número de camas segundo
 8. Elaborar de forma consensuada dun Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado
 9. Eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementar unha política xusta e incentivadora.
 10. Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.

11. Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e orzamento propio. Restituír as Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.
12. Reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral
13. Desmedicalizar o sistema, e acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías, e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria.

2. Poñer a disposición da veciñanza autobuses para acudir á manifestación.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (1 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común) cinco votos en contra (5 dos membros do grupo PP) e cero abstencións dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

13 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:

d44d1957d6a820caeccb059d3ee59cfb3a49960f2e8de82ad1eddbaad9191381

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=w9jKY-YwsfM>